

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/06/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D. Manuel Varela Mecías.
D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as trece horas e quince minutos do día dez de xuño de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Alcalde coa única finalidade de aprobar a acta da sesión celebrada o día 4 de xuño do presente ano 2015, última da presente legislatura, antes da constitución da nova corporación municipal tras as eleccións locais celebradas o día 24 de maio do presente ano 2015, segundo se indica de seguido.

Antes da votación, o Sr. Alcalde toma a palabra brevemente para agradecer ós concelleiros e concelleiras, especialmente ós que non formarán parte da Corporación na legislatura que se inicia, o seu traballo como representantes dos vecios, e transmitir-lles os seus mellores desexos para o futuro, tanto no aspecto profesional como no persoal. Os Sres. Mázquez e López Loureiro tamén fan unha breve intervención nestes mesmos términos.

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xuño do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e do acordo adoptado, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

